

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 13 DE SETEMBRO DE 2023

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trece de setembro de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder a licenza urbanística para demolición dunha edificación sita na rúa río Cabe, número 58, e rúa Alexandre Bóveda, número 37. (exp. 2022/Y001/000299).

Acórdase denegar a licenza urbanística para construción de almacén de uso agrícola para autoconsumo no núcleo rural tradicional de San Vicente de Pías (exp. 2021/Y001/000137).

Tamén se acorda conceder a licenza urbanística para mellora de accesibilidade, instalación de ascensor e ampliación de actividade existente na avenida da Coruña, números 39 - 43 (2023/Y001/000071).

Acórdase denegar a licenza urbanística para a demolición e construción de nova vivenda unifamiliar en Areeiras, 71, San Lázaro (exp. 2022/Y001/000055).

Acórdase a declaración de caducidade por causa de incumprimento dos prazos da licenza urbanística expediente 43/2017, outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 4 de decembro de 2019, para realizar unha intervención na edificación sita na rúa do Carne, número 6 (exp.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7617025007723643531.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-9-2023

2023/Y008/000005).

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO- Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra de acondicionamento e mellora do firme da estrada municipal que partindo da n-232 enlaza o núcleo de Astariz coa N-540 (San Vicente de Veral e San Lázaro da Ponte); obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2023/C002/000009.

Tamén se acorda a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e da adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra "Acondicionamento e mellora do firme da estrada municipal que partindo da LU-P-2910 chega ao núcleo do castro (pista de Paredes) (Santo André de Castro) obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación" e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2023/C002/000010.

ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS

3. ENXEÑERÍA.- Acórdase a contratación mediante tramitación de emerxencia das obras de consolidación dos tallamares da ponte Vella sobre o Río Miño.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

4. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase a participación do Concello de Lugo no proxecto "Socilibre" para os efectos de concorrer á convocatoria das axudas dentro do ámbito do programa Interreg Vin a España-Portugal (Poctep) 2021-2027.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.